| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | 3,2,1...Acción | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas. | Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións. | TI | 100 |
| CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula. | Aplica na aula o vocabulario traballado. | | |
| CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións. | Coñece as partes dun conto. | | |
| CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos. | Emprega a rutina de pensamento vexo, penso e me pregunto para deducir o contido do texto proposto. | | |
| CA3.7 - Producir, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión. | Inicio na produción de textos escritos sinxelos con coherencia e coidando a presentación. | | |
| CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida. | Participa nas lecturas compartidas propostas pola biblioteca de centro. | | |
| CA5.2 - Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar. | Participa nas lecturas compartidas propostas pola biblioteca de centro. | | |
| CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario a través dos textos. | Emprega un vocabulario cada vez máis rico para elaborar os seus discursos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Biografía lingüística persoal e da súa contorna.<br>- Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. |

| Contidos |
|---|
| - Xéneros discursivos<br>- Interese pola ampliación de vocabulario básico.<br>- Contexto<br>- Incidencia dos compoñentes (situación e participantes) no acto comunicativo.<br>- Procesos: produción escrita<br>- Adquisición progresiva da lectoescritura.<br>- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.<br>- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.<br>- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.<br>- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | A patrulla ecolóxica | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, a partir da observación da contorna. | Emprega unnha linguaxe non discriminatoria. | TI | 100 |
| CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas. | Valora a diversidade ligüística da nosa CCAA | | |
| CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos. | Atende nas intervencións dos demais sen interromper. | | |
| CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos. | Emprega a rutina de pensamento vexo, penso e me pregunto para deducir o contido do texto proposto. | | |
| CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel. | Implícase nas lecturas realizadas na aula. | | |
| CA3.9 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio. | Emprega unha linguaxe non sexista. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais para a procura da información. | Expón a información recollida sobre normas para coidar o medioambiente. | | |
| CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas. | Participa nas actividades planificadas pola biblioteca do centro. | | |
| CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía lingüística básica adecuada. | Realiza unha autoavaliación sobre o seu traballo escrito. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Valoración da diversidade da lingua na súa contorna.<br>- Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna.<br>- Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.<br>- Xéneros discursivos<br>- Procesos: interacción oral<br>- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente<br>- Procesos: comprensión lectora<br>- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico.<br>- Procesos: produción escrita<br>- Adquisición progresiva da lectoescritura.<br>- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita.<br>- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida en fontes sinxelas.<br>- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.<br>- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 8 | O son das palabras | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación. | Utiliza unha linguaxe non discriminatoria | TI | 100 |
| CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero. | Participa nas conversas cunha linguaxe respectuosa | | |
| CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula. | Emprega un vocabulario cada vez máis rico para elaborar os seus discursos.. | | |
| CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións. | Coñece as partes dun conto. | | |
| CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía. | Emprega a lectura para enriquecer o seu vocabulario e coma aprendizaxe das normas básicas de ortografía. | | |
| CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia. | Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula. | | |
| CA4.3 - Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula. | Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula. | | |
| CA5.5 - Reproducir, de xeito acompañado e a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos. | Participa activamente no recitado dos poemas. | | |
| CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, da comparación e da transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos. | Recoñece distintos tipos de palabras e enunciados atendendo a súa concordancia. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A diversidade etno-cultural e lingüística no contexto escolar e familia.<br>- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.<br>- Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.<br>- Xéneros discursivos<br>- Elementos básicos de contido (tema, léxico).<br>- Interese pola ampliación de vocabulario básico.<br>- Xéneros discursivos<br>- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). |

| Contidos |
|---|
| - Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas).<br>- Estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.<br>- Procesos: comprensión lectora<br>- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos.<br>- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente á expresividade.<br>- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.<br>- Procesos: produción escrita<br>- Adquisición progresiva da lectoescritura.<br>- Iniciación das regras ortográficas básicas, con especial atención ao uso do punto e das maiúsculas.<br>- Modelos explícitos para comunicar a información.<br>- Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos.<br>- Estratexias para a transformación guiada de palabras entre as distintas linguas da contorna escolar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 9 | Somos xornalistas | 16 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas. | Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións. | TI | 100 |
| CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero. | Participa nas conversas cunha linguaxe respectuosa | | |
| CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais. | Resume de maneira oral noticias lidas na aula. | | |
| CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula. | Emprega un vocabulario cada vez máis rico para elaborar os seus discursos.. | | |
| CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel. | Aproveita os momentos de lecer para recrearse na lectura dos libros da biblioteca de aula. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.7 - Producir, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión. | Escribe unha noticia con axuda de autoinstruccións. | | |
| CA3.9 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio. | Emprega unha linguaxe non sexista. | | |
| CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diferentes fontes. | Recoñece a lectura como fonte de pracer. | | |
| CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida. | Participa de maneira activa nas lecturas realizadas na aula. | | |
| CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais. | Disfruta escoitando textos de diferentes autores e autoras. | | |
| CA6.2 - Producir, de maneira acompañada, textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados. | Escribe unha noticia con axuda de autoinstruccións. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Biografía lingüística persoal e da súa contorna.<br>- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.<br>- Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.<br>- Contexto<br>- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral.<br>- Xéneros discursivos<br>- Interese pola ampliación de vocabulario básico.<br>- Procesos: produción escrita<br>- Adquisición progresiva da lectoescritura.<br>- Produción de textos escritos básicos a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.<br>- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.<br>- Iniciación das regras ortográficas básicas, con especial atención ao uso do punto e das maiúsculas.<br>- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. |

| Contidos |
| --- |
| - Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable<br>- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal.<br>- Relación dos textos lidos da literatura infantil con outras manifestacións artísticas e culturais.<br>- Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

En xeral, esta programación didáctica seguirá unha metodoloxía constructivista, seguindo as achegas de autores como Piaget, Vigotsky, Ausubel, Novak ou Bruner; baseada nunha corrente psicopedagóxica coñecida como "Teoría da aprendizaxe significativa". Nesta dirección, tomaranse en consideración os ¿Principios metodolóxicos¿ establecidos no noso marco lexislativo, como son:
Facer énfase á atención á diversidade dos estudantes, a atención
individualizada e a prevención das dificultades de aprendizaxe.
A integración das diferentes experiencias e aprendizaxes dos estudantes, tendo en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe.
A lectura como factor fundamental para o desenvolvemento de competencias clave, dedicándolle un tempo diario na aula.
A integración das intelixencias múltiples e os elementos transversais.
O fomento desde a aula a educación emocional.
O deseño de actividades de aprendizaxe integradas para avanzar cara á adquisición de máis dunha competencia á vez, seguindo metodoloxías comunicativas, inclusivas, activas e participativas.
Primar o manipulativo para favorecer a interactividade entre o alumnado.
Por outra banda, nestra programación teranse en conta as siguientes orientacións metodolóxicas específicas:

Principio DUA: o enfoque didáctico principal desta programación será o Deseño Universal de Aprendizaxe, levando a cabo axustes ao longo de todas as actividades para que a totalidade do alumnado poida participar nos procesos de ensino-aprendizaxe.
Traballo cooperativo: favorecento que o alumnado teña un sentimento de necesidade cara ao traballo dos demais, onde cada membro debe cumprir unha tarefa para conseguir un obxectivo común. Para levalo a cabo combinaremos diferentes tipos de agrupacións atendo as actividades que realicemos, traballando en grandes grupos e especialmente en pequenos de base heteroxéneos formados por catro alumnos e alumnas que terán unha duración anual, convertendo así ao alumnado nos protagonistas do proceso de ensino-aprendizaxe, adquirindo un rol activo, quedando para nós, as mestras, un papel máis de guía e apoio.
En canto ao tipo de actividades, podemos distinguir:
- Actividades de iniciación e motivación para dar a coñecer as ideas previas e as opinións do alumnado, activar os coñecementos previos e motivalos.
- Actividades de desarrollo e reestructuración de coñecemento, que susciten
conflictos cognitivos e leven aos estudantes a reestructurar os preconceptos.
- Actividades de consolidación, nas que o alumnado contrastará novas ideas coas anteriores e aplicarán novas aprendizaxes, incorporando a ¿Teoría do conflito cognitivo¿ de Jean Piaget.
- Actividades de metacognición, que servirán para reflexionar sobre o proceso de aprendizaxe.
- Actividades complementarias: consistentes principalmente en saídas e visitas a espazos socioculturais da zona, traballadas de maneira interdisciplinar, co obxectivo de complementar o currículo das distintas materias na procura dunha formación plena e integral do alumnado.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Recursos materiais |
| Recursos espaciais |
| Recursos humanos |

Recursos espaciais:
A miña aula caracterizarase por unha distribución da aula en grupos cooperativos.
Ademais, contaremos tamén con diferentes espazos educativos aos que acudiremos en función da actividade que realicemos:
- Recuncho da biblioteca: Contando, ao mesmo tempo, con 2 espazos diferenciados: recuncho ¿Eu recomendo¿ e ¿A nosa libraría¿.
- Recuncho TIC ¿As mozas do cable¿, contando cunha radio empregada como recurso pedagóxico e varias tablets.
- Recuncho da asemblea (¿O parlamento¿), para actividades de iniciación, debates e coloquios.
- Recuncho ¿ Cóntasme un conto?¿, para realizar dinámicas de lectura compartida.

Recursos materiais:
A miña aula estará dotada de recursos materiais e dixitais para favorecer a interactividade e socialización entre o alumnado. Os máis empregamos serán:
- A PDI con acceso a internet para o emprego de aplicacións dixitais.
- Ferramentas TIC como audiolibros, a radio e tablets.
- Os monicreques
- Libros da biblioteca de aula e de centro.
- Material manipulativo para traballar as letras.
- Pictogramas.
- Xogos de mesa como o dominó, a Oca ou o Scrabble.

Recursos humanos:
Ao longo do curso, os alumnos contarán co apoio da profesora titora e do resto de profesores de nivel; co apoio do Departamento de Orientación, especialmente en apoio dos estudantes con NEAE. Contaremos coa visita de contacontos e axentes socioeducativos da contorna, así como coa participación das familias, presentes ao longo de todo no proceso educativo, fomentando a sua participación e apoio.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A principio de curso levarase a cabo unha avaliación inicial para poder analizar cal é o punto de partida do noso alumnado e así poder establecer estratexias comúns de actuación e dar resposta á diversidade que nos atopamos na nosa aula. Empregaremos asambleas, postas en común, debates, choiva de ideas¿ ao comezo das diferentes unidades didácticas para determinar os coñecementos previos, inquietudes e capacidades. Para tomar rexistro empregaremos diferentes instrumentos de avaliación como anecdotarios, grabacións e a observación sistemática.
Avaliaranse aspectos como: a expresión oral e o vocabulario (exprésase oralmente con claridade, emprega un vocabulario axeitado a súa idade...), lectura e comprensión lectora.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **15** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **15** | **100** |
| **Táboa de indicadores** | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | **100** |

**Criterios de cualificación:**

40% : Valoración de obxectivos e competencias desenvolvidos durante o periodo avaliable.
40%: Valoración de tarefas: realización e presentación de traballo persoal.
20%: Valoración de actitudes: respecto, colaboración, participación, esforzo...

**Criterios de recuperación:**

Non procede.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade é unha característica intrínseca dos seres humanos, polo que debemos realizar unha educación baseada nos principios de normalización, inclusión e discriminación, ao abeiro do disposto na Orde do 8 de setembro de 2021, que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia na que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE.
Por este motivo, tódalas medidas e recursos empregados teñen en conta o enfoque didáctico coñecido como Deseño Universal da Aprendizaxe, que permite eliminar barreiras no mesmo aprendizaxe, e no acceso á información e á expresión, dándolle significado emocional e afectiva ao proceso de educativo.
Na miña aula, están presentes alumnos e alumnas con diferentes características, necesidades, intelixencias e estilos cognitivos, polo que a atención á diversidade será a norma que rexe todo o proceso de ensino-aprendizaxe ao longo deste curso escolar, sempre baixo os principios de equidade e non discriminación.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Emprendemento | | X | | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Educación para a paz | | | X | | | | | |
| ET.3 - Educación emocional e de valores | X | X | | | | | X | |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.4 - Igualdade de xénero | | | X | | | X | | X |
| ET.5 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sostible | | | | X | | | X | |
| ET.6 - Educación para a saúde, afectivo e sexual | | | | X | | | | X |
| ET.7 - Comunicación audiovisual | | X | | X | X | | | |
| ET.8 - Competencia dixital | | | X | | X | | X | |

| | UD 9 |
|---|---|
| ET.1 - Emprendemento | |
| ET.2 - Educación para a paz | X |
| ET.3 - Educación emocional e de valores | X |
| ET.4 - Igualdade de xénero | |
| ET.5 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sostible | |
| ET.6 - Educación para a saúde, afectivo e sexual | |
| ET.7 - Comunicación audiovisual | |
| ET.8 - Competencia dixital | |

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Teatro Fórum | Obra teatral. | X | | |
| Coruña de aventura: Fundación Luis Seoane | Visita guiada e actividades didácticas | | X | |

**Observacións:**
Pendentes de confirmación

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Preparación da programación didáctica: a secuación das UD abarcan todo o curso, adopto estratexias e programo en función dos contidos e criterios, planifico as clases de modo flexible... |
| Metodoloxía empregada |
| Proceso de aprendizaxe: manteño o interese do alumnado partindo das súas experiencias, comunico a finalidade das aprendizaxes, propoño actividades variadas, levo a cabo metodoloxías activas e tarefas integradas, fomento o respecto e colaboración entre o alumnado... |
| Interdisciplinariedade: Integro as TIC no desenvolvemento da materia, inclúo elementos transversais, fomento os plans e proxectos do centro... |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Organización do espazo-tempo: adopto distintos agrupamentos en función do momento e tarefa a realizar, emprego recursos didácticos variados, organizo os espazos para favorecer a autonomía do alumnado... |
| Medidas de atención á diversidade |
| Atención á diversidade: teño en conta a diversidade do alumnado á hora de establecer os agrupamentos, teño en conta as intelixencias múltiples, adecúo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE:.. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Colaboración ca Comunidade Edudactiva: Informo ás familias sobre os criterios de calificación empregando diferentes medios (reunións, correos...), menteño colaboración ca biblioteca e co concello,... |

**Descrición:**

Unha das nosas funcións como titoras é avaliar os procesos de ensinanza/aprendizaxe, polo tanto, un dos aspectos que non podemos esquecer de avaliar é a nosa propia práctica docente e a programación didáctica. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións do profesorado co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que mellorando estas, mellorarase a calidade das aprendizaxes das alumnas e alumnos, obxectivo último e fundamental desta tarefa.

Os indicadores de logro para ter en conta esta avalación serían os secuenciados arriba, e a sua escala de valoración será a seguinte:

ESCALA DE VALORACIÓN:

- Inadecuado: escasa ou nula constancia. Non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial.

- Insuficiente: omítense elementos fundamentais do indicador.

- Básico: cumprimento suficiente do indicador.

- Competente: hai prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia no indicador.

- Excelente: prácticas excepcionais. Modelo de referencia de boas prácticas.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un elemento flexible, que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que se introducirán adaptacións e melloras ao longo da súa posta en práctica. O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente. Teranse en conta os seguintes indicadores:
1. Responder as características do alumnado da aula.
2. Resultar útil para o uso docente na aula.
3. Seguimento da temporalización.
4. Consecución dos niveis mínimos de logro dos contidos de aprendizaxe traballados.
5. Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
6. Modificarse en función das necesidades de docencia ou aprendizaxe sen perder coherencia.
7. Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.
8. Dispoñer de mecanismos de revisión e de mellora.
9. Realizar revisións periodicamente.
10. Responder aos centros de interese do alumnado do grupo.
11. Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:
- Unha modificación da metodoloxía empregada.
- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.
- Deseño de medidas correctoras para correxir as dificultades

## 9. Outros apartados